

## SERVIZOS QUE PRESTA REGANOSA

Reganosa realiza fundamentalmente actividades reguladas no sistema gasista español, baixo o réxime de acceso de terceiros. No seu desempeño analiza de maneira continua as circunstancias do mercado co fin de desenvolver servizos que soporten as necesidades loxísticas crecentes que o mercado de gas natural demanda. Colabora tamén con empresas e institucións achegando o seu coñecemento e experiencia.

### Descarga de buques

O servizo de descarga de metaneiros permite o acceso dos buques ás instalacións da terminal de Mugarodos para a descarga de GNL, que se recibe a unha temperatura de -160 °C. O caudal máximo de descarga é de 12.000 m<sup>3</sup>/h.

### Carga de buques

Reganosa facilita o acceso ás instalacións de Mugarodos para o transvasamento aos buques metaneiros do GNL procedente dos tanques da terminal. Ofrece este servizo desde o ano 2010; ata mediados de 2015 levou a cabo máis de 52 operacións de carga.

### Gassing up e cool down

A compañía permite o acceso á terminal do porto de Ferrol para a posta en gas dos tanques de metaneiros (*gassing up*) e para o seu arrefriado paulatino ata alcanzar a temperatura de operación final (*cool down*). Na actualidade a regasificadora de Mugarodos acumula a maior experiencia do sistema gasista español nestas actividades.

### Almacenamento de GNL

A gama de servizos de Reganosa inclúe o dereito de uso do almacenamento operativo necesario, nos termos que establece a normativa de acceso ás instalacións.

### Regasificación

A compañía pon a disposición as instalacións necesarias para realizar o proceso de regasificación polo cal o gas natural licuado almacenado se transforma en gasoso, aumentando a súa temperatura mediante un proceso físico. Para iso empréganse vaporizadores de auga de mar.

### Carga de cisternas

O GNL tamén é transportado por estrada por medio de cisternas. Na nosa terminal préstase o servizo de carga de cisternas, o que permite a subministración ás empresas e industrias do noroeste peninsular e abastece aos consumidores domésticos de zonas pouco gasificadas, a través de plantas satélite conectadas a redes locais de distribución. Reganosa consolidouse no ano 2014 como líder europeo en carga de cisternas, cun total de 9.700 operacións realizadas.

## **Transporte de gas natural**

Mediante a rede de transporte troncal de Reganosa envíase o gas desde o punto de entrada ao sistema ata a conexión co gasoduto Tui - Llanera, en Abegondo e Guitiriz, ás centrais de ciclo combinado das Pontes e de Sabón, á refinaría da Coruña e ao resto de puntos de saída da rede.

## **Análise de laboratorio**

O laboratorio de Mugardos presta servizos de análises da composición do gas natural e gas natural licuado, así como asesoramento técnico tanto aos usuarios das instalacións como a empresas e entidades externas. Reganosa dispón dun equipamento perfectamente calibrado e verificado.

## **O+M, formación e consultoría**

Reganosa presta servizos complementarios de formación, simulación de redes de transporte, asesoramento técnico, consultoría e servizos en relación co deseño, construción, posta en marcha, explotación, operación e mantemento de terminais de GNL e instalacións de transporte.